

PLAN DE
IGUALDADE
CEIP MANUEL
PADÍN TRUITEIRO.

ARCADE (SOUTOMAIOR)

CURSO:
2019/2020

TÁBOA DE CONTIDO

1. INTRODUCCIÓN.	4
2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO.	5
3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGTBifobia.	8
4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DESENVOLTOS A TRAVÉS DO PLAN.	10
4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.	10
4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.	10
4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.	11
4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGTBifobia.	11
5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN.	11
5.1. Organización do centro.	11
5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.	14
5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.	14
5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.	15
6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.	15

1. INTRODUCCIÓN.

O Plan de Igualdade elaborado pretende educar na igualdade, axudar ao alumnado a crecer como persoas, a desenvolver uns valores básicos e obter un equilibrio no seu desenvolvemento persoal e na adquisición das competencias básicas; tendo o enriquecemento da diversidade social existente entre cada persoa como eixe vertebrador da proposta.

A educación para a igualdade solo é posible cando se asenta nunha metodoloxía aberta, creativa e flexible que dea cabida a unha educación emocional que nos permita proxectar unha verdadeira escola de iguais. Unha educación para a igualdade debe estar centrada no fomento do traballo en grupo, o diálogo, as relacións afectivas, a resolución de conflitos, o respecto e a cooperación, incidindo na toma de conciencia de que todos e todas teremos dereito as mesmas oportunidades.

No noso centro podemos observar que aínda existen actitudes e comportamentos que denotan que a educación tradicional estereotipada segue subsistindo. Por elo faise importante o desenvolvemento deste plan, para o cal, no centro contamos coa boa predisposición de todo o profesorado, querendo involucrar a toda a comunidade educativa, neste viaxe cara un obxectivo común de benestar persoal e social de cada un de nós: dende o profesorado, persoal laboral, familias e, especialmente, o propio alumnado. Deste xeito, o Plan de Igualdade pretende dar resposta ao obxectivo último da educación que é o desenvolvemento íntegro das persoas.

Así ben, para alcanzar tal fin, traballaremos actividades prácticas, colaborativas, lúdicas, activas e participativas, onde a aprendizaxe que os nenos e as nenas adquiran sexa significativo. Traballaremos partindo das propias experiencias do alumnado e do entorno máis inmediato. Para elo favoreceremos a comunicación familia-escola e realizaremos actividades que se baseen na experiencia familiar, na convivencia e nas súas realidades, para así podelo trasladar á vida en sociedade.

Para que así sexa, o Plan de Igualdade basearase nos seguintes principios:

- Valores democráticos. A coeducación como modelo educativo que garante os valores sobre os que se sustentan as sociedades democráticas (igualdade, liberdade, xustiza), garantindo a defensa dos dereitos humanos de cada unha das persoas.
- Transversalidade. Integrando a perspectiva de xénero no proxecto educativo.

- Inclusión. Buscando a erradicación de calquera situación de discriminación do alumnado.
- Igualdade de oportunidades. Axudando na construción dunha sociedade libre na que cada persoa teña as mesmas oportunidades de realización persoal e profesional.
- Visibilidade. Transmitindo un coñecemento libre de estereotipos que favoreza a identificación e o recoñecemento de todos os saberes máis alá do xénero.

Dende o centro, preténdese plasmar xa no PE, na PXA, nas NOF, no noso Plan de Convivencia e, de forma xeral, en cada un dos documentos de centro, que educar é formar ao alumnado para que adquira todas as competencias necesarias nunha sociedade de cambios onde necesariamente debemos camiñar cara a igualdade real de oportunidades e de dereitos de cada unha das persoas, dentro nunha sociedade plural e aberta.

Deste xeito, para que o Plan de Igualdade teña proxección no Consello Escolar queda nomeada como representante en materia de igualdade a mestra Dona Luz Sánchez Fernández.

2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO.

O CEIP Manuel Padín Truiteiro é un centro de nova transformación, ao converterse o pasado curso escolar nun CEIP (sendo anteriormente un CPI). Esta situación, xunto coa gran profesionalidade e entrega da súa comunidade educativa, axuda a que a normativa e documentación do centro se atope actualizada e en consonancia coa realidade existente e, cun carácter aberto cara a diversidade social existente.

Deste modo, véñense traballando valores e primando uns principios totalmente coherentes co que neste plan plantexamos. Dentro do **Proxecto Educativo**, atopamos os seguintes:

Queremos un centro:

- INTEGRADOR. Educamos na igualdade e non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas ou morais, así como por discapacidades físicas, sensoriais e psíquicas.
- COMPROMETIDO COA CONVIVENCIA. Comprometidos coa formación para a paz, que rexeita a violencia, esixente no respecto á dignidade e integridade dos membros da Comunidade escolar. O noso alumnado formarase para a resolución pacífica de conflitos, para a xustiza, para o diálogo e para a liberdade.

- **NON SEXISTA.** Apostamos pola coeducación, insistindo na igualdade de homes e mulleres, traballando activamente na erradicación de prexuízos, crenzas, tradicións e actitudes que impliquen unha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou unha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro.

Así ben, no mesmo documento plantéxanse os seguintes obxectivos prioritarios:

No ámbito de Convivencia e Cooperación:

- Conseguir un clima de convivencia baseado na liberdade, na responsabilidade, no respecto e na xustiza.
- Loitar contra as desigualdades existentes entre o alumnado que se sustenten en prexuízos ante crenzas, nacionalidades, linguas, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa ou indirectamente, dun prexuízo en calquera ámbito da vida.
- Lograr que todo o alumnado sinta que cando se atopa no centro está nun lugar de máximo respecto cara ás realidades, identidades e ás opcións persoais libres de cadaquén.

Como obxectivos Educativos e pedagóxicos:

- Velar pola igualdade de xénero traballando activamente na erradicación de prexuízos, crenzas, tradicións e actitudes que impliquen una distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou unha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro.
- Consolidar os valores de liberdade, igualdade, xustiza, responsabilidade, respecto entre as persoas, aceptación da diversidade, cooperación, solidariedade, respecto ao medio natural, creatividade e gusto polo traballo ben feito.

Do mesmo xeito, tamén na **PXA**, atopamos a proxección de diferentes actividades complementarias encamiñadas a traballar os obxectivos do Plan de Igualdade, que se especificarán máis adiante.

Pola súa banda, no **Plan da Biblioteca** podemos observar como obxectivo relevante: Programar actividades de animación á lectura. Para elo, realizarase, entre outras actividades, unha exposición de libros relacionados con diferentes conmemoracións que se traballen no centro: Día internacional contra a violencia de xénero, Día escolar pola Paz, entroido...

Pola súa banda, no **Plan de Acción Titorial**, inclúese como tema transversal a traballar a Educación para a igualdade de xénero e contra a violencia de xénero.

Tamén dentro das **NOF** podemos observar medidas relacionadas cos obxectivos do plan que se propón:

DENTRO DAS NORMAS XERAIS DO CENTRO.

Ningún membro da comunidade educativa pode ser discriminado por razón de raza, sexo, credo ou nacionalidade. Deberase respectar a liberdade de conciencia e as conviccións relixiosas e morais, dignidade, integridade e intimidade dos membros da comunidade educativa.

NAS NORMAS DE AULA.

Evitarase en todo momento o emprego dun vocabulario groseiro, insultante ou discriminatorio.

NAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

O comportamento xeral durante a actividade deberá ser de respecto e interese, e deberá estar acorde coa formulación educativa no que están enmarcadas as actividades extraescolares. Neste sentido serán consideradas condutas gravemente prexudiciais as actitudes violentas, racistas ou sexistas.

Finalmente, no **Plan de Convivencia**, podemos destacar dentro dos seus obxectivos: Concienciar a todos os membros da comunidade educativa da necesidade de coñecer e respectar os dereitos e deberes de todos os que a forman, creando un clima escolar propicio e pacífico que garanta unha educación para a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, así como a igualdade de trato.

Do mesmo xeito, entre as actuacións preventivas concretas para favorecer a convivencia escolar, temos:

- Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres, para previr posibles situacións de violencia de xénero.
- Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa no referente á non discriminación por razón de raza, sexo, orixe e condición persoal ou social.

Noutro punto, dentro das normas de convivencia, podemos observar como dereitos e deberes do alumnado o seguinte:

- DEREITOS DO ALUMNO/A
 - Non ser discriminado pola súa raza, sexo, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, polas súas discapacidades físicas,

sensoriais ou psíquicas, ou outra circunstancia persoal ou social. Non poden ser obxecto de tratos vexatorios ou degradantes.

- DEBERES DO/A ALUMNO/A:
 - Non discriminar a ninguén por razón de nacemento, raza, sexo ou por calquera circunstancia persoal ou social.

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGTBIfobia.

Se analizamos a situación actual do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGTBIfobia, podemos concluír as seguintes fortalezas, debilidades e situacións de desequilibrio.

1. FORTALEZAS

O noso centro está sensibilizado ante a violencia de xénero e tenta, na medida do posible, traballar para afrontar os desequilibrios que se dan arredor do xénero.

Potenciamos o uso dunha linguaxe inclusiva e non sexista, tanto nos documentos de comunicación interna como externa do centro escolar.

Favorecemos una linguaxe inclusiva nas relacións interpersoais entre iguais e adultos.

Integramos o principio de igualdade de oportunidades entre nenos e nenas na nosa práctica docente a través de la realización de actividades.

Utilizamos imaxes nas que homes e mulleres sexan valorados en igualdade fuxindo de estereotipos sexistas.

Fomentamos o uso de materiais didácticos que non presenten linguaxe, contido ou imaxes sexistas propoñendo alternativas cando se detectan elementos deste tipo.

Fomentamos formas de estar e convivir baseadas no respecto, no diálogo e no coidado para previr a violencia de xénero.

Incluímos nas nosas actividades distintos modelos de familia de forma normalizada.

Os espazos están abertos a nenos e nenas sen distinción, agás os aseos e vestiarios.

Organizamos actividades polo día contra a violencia de xénero e polo día da muller. Participamos en actividades organizadas polo concello.

Como novidade este ano instalamos uns bancos da igualdade, un deles coa decoración da bandeira do orgullo LGBTI (representando un arco da vella), que serven tamén como bancos dos amigos nos que sentan os que se senten sos para que poidan invitalos a xogar.

2. DEBILIDADES

No noso centro temos un número elevado de alumnado marroquí no que, na súa cultura e tradición, as mulleres non teñen un papel importante e temos que loitar para que, sobre todo os nenos, entendan que a nosa cultura é diferente e homes e mulleres temos os mesmos dereitos, deberes e non debemos ser discriminados polo noso sexo.

Estes anos vimos realizando diferentes actividades para resaltar o papel importante de mulleres do noso entorno como a visita dunha antiga alumna do centro que traballa de científica e achegou a ciencia ao noso alumnado, facer diferentes actividades no día de Rosalía (visita a súa casa), dar a coñecer mulleres importantes na nosa historia, facer unha composición acerca dunha muller importante na nosa vida...

3. SITUACIÓNS DE DESEQUILIBRIO

Cumprir a paridade nos órganos de decisión a nivel de pais e nais non é problema. No caso de mestres e mestras faise cando é posible, dado que o número de mestres é moi inferior ao número de mestras.

En Educación Infantil temos escolarizados 60 nenos e 47 nenas. En Educación Primaria son 158 nenos e 147 nenas. Aínda que o número de nenos é superior non se pode considerar que sexa un gran desequilibrio.

O alumnado que non promocionou este curso foron 2 nenas e 3 nenos, dentro do alumnado que promociona con algún área suspensa temos 6 nenas e 22 nenos e temos previstas 7 adaptacións curriculares (4 nenas e 3 nenos).

A diferenza máis significativa está no alumnado con materias suspensas, neste caso podemos falar dun desequilibrio notable.

Nas actividades extraescolares organizadas pola ANPA: En atletismo, zumba-kids e natación hai máis ou menos o dobre de nenas que de nenos. Nas outras actividades (guitarra, predeporte, taekwondo e tenis) é maior o número de nenos, sendo unha diferenza moi notable agás en tenis.

Na biblioteca, dos resultados da enquisa feita a principio de curso, constatamos que o uso é maior por parte das nenas (110) que dos nenos (89), pero si falamos do uso dos equipos

informáticos, presentes na mesma, equipáranse os resultados de uso: 72 nenas e 71 nenos. Así ben, está previsto facer outra enquisa máis completa ao remate do curso, despois da realización das actividades propostas no plan da biblioteca, co fin de valorar e avaliar o funcionamento da biblioteca e as actividades impulsadas dende a mesma. Nela poderemos comprobar se o uso da mesma polos nenos e nenas se equilibrou.

No patio, segundo medran os nenos e nenas, nótase que a maioría dos rapaces tenden a actividades máis deportivas (en concreto fútbol) e as rapazas a outros xogos máis tranquilos. Para diversificar os deportes e xogos nos patios estanse a implantar os patios activos e fixéronse distintos espazos para poder xogar diferentes deportes e, tamén, para poder estar sentados compartindo conversas e xogos relaxados (bancos e mesa grande de madeira) ou xogar a xogos libres.

Cos patios dinámicos, espérase que a diversificación e participación de ambos sexos vaia facéndose máis palpable e trasladándose a outros ámbitos de desequilibrio, como son as actividades extraescolares que citamos.

4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DESENVOLTOS A TRAVÉS DO PLAN.

4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Sensibilizar ao profesorado da necesidade de realizar cambios que permitan a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

Introducir na escola conceptos, procedementos e actitudes relativas á igualdade de oportunidades, á conciliación da vida familiar, persoal e laboral.

Fomentar unha linguaxe oral na que se inclúan ambos sexos e na que non existan prexuízos sexistas á hora de nomear tarefas domésticas, profesións... e en xeral estereotipos que seguen inmersos na linguaxe cotiá.

Desmitificar as tarefas femininas e/ou masculinas.

Facilitar a utilización igualitaria de espazos no recreo para nenos e nenas.

4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.

Detectar actitudes sexistas que aínda prevalezan na escola e modificalas.

Previr a violencia dende as idades máis temperás.

Axudar e ensinar a resolución de conflitos sen violencia.

Educar na diversidade como unha realidade enriquecedora da sociedade e na empatía.

Promover condicións escolares que favorezan prácticas educativas correctoras de estereotipos de dominación e dependencia.

Facilitar un maior coñecemento das diferenzas entre nenos e nenas, homes e mulleres, que permita evitar e corrixir as discriminacións que de aquelas se derivan.

4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.

Sensibilizar ao profesorado da necesidade de realizar cambios na visión de familia tradicional, incluíndo a diversidade familiar (e dentro dela a diversidade afectivo-sexual) como unha esencia fundamental da nosa sociedade.

Introducir na escola conceptos, procedementos e actitudes relativas a tal diversidade.

Desmitificar os estereotipos de amor romántico e tradicional, que orixine respecto e liberdade do sentir diverso.

4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGTBifobia.

Detectar actitudes de discriminación por motivo de diversidade afectivo-sexual propia ou familiar e intervir para modificalas.

Previr a violencia dende as idades máis temperás.

Axudar e ensinar a resolución de conflitos sen violencia.

Educar na diversidade como unha realidade enriquecedora da sociedade e na empatía.

Facilitar un maior coñecemento da diversidade afectivo-sexual, que permita evitar e corrixir as discriminacións que dela se derivan.

5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN.

5.1. Organización do centro.

As medidas a levar a cabo dentro da organización do centro englobanse no seguinte:

- Nomeamento dunha persoa responsable en materia de igualdade dentro do Consello Escolar: **M^a Luz Sánchez Fernández** (Mestra PT).
- Difusión do plan entre toda a comunidade educativa.
- Promoción de formación do profesorado, alumnado e familias: realizaranse diferentes formacións/proxectos encamiñados á sensibilización da

diversidade como unha realidade enriquecedora da sociedade e cara á promoción da igualdade entre homes e mulleres.

- Actividade en colaboración co CIM: **Ímolo ghozar!** Programa de Educación Afectivo-sexual, que ven a dar continuidade a programas anteriores de igualdade entre homes e mulleres: **Ti que fas pola igualdade e Imparables**
 - **Semana da diversidade familiar.** Que englobará a toda a comunidade educativa. A través dela tratarase de forma transversal a diversidade afectivo-sexual e a igualdade entre homes e mulleres.
- Emprego dunha linguaxe inclusiva e igualitaria no centro.
- Colaboración con outras entidades na realización de actividades coeducativas:
- Coa colaboración do CIM levarase a cabo o Programa Ímolo ghozar! co alumnado de 4º, 5º e 6º sobre diversidade afectivo-sexual e prevención de violencia de xénero. Que ven a complementar os programas de cursos pasados sobre igualdade citados: **Ti que fas pola igualdade e Imparables.**
 - Plan Director para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e nos seus contornos, impulsado desde Delegación do Goberno en Galicia e a Alta Inspección de Educación, ofrece aos centros docentes a posibilidade de solicitar charlas informativas/formativas sobre temáticas como: acoso escolar, drogas e alcol, violencia de xénero, novas tecnoloxías, bandas xuvenís, etc.; charlas impartidas por persoas expertas das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e dirixidas ao conxunto da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias).
 - Colaboración coa Rede Educativa de Apoio LGBT de Galicia, rede de nova creación, e, se procede, nomeamento dun/dunha representante do centro na mesma.
- Realizaranse arredor das datas coeducativas do calendario escolar as seguintes actividades:
- **25 de novembro** (celebrarase o día 22)
 - Deseño de carteis e debuxos contra o maltrato.

- Construción de chapas conmemorativas cos deseños seleccionados.
 - **8 de marzo**
 - Mural onde os nenos e as nenas da escola pegan unha foto das súas nais cunha breve descrición delas na que destaquen as súas profesións.
 - Estudo do significado desta data e por que se conmemora.
 - **Semana da Diversidade Familiar.** Realizaranse diferentes actividades, adaptadas a cada idade, que inclúan a toda a comunidade educativa; de xeito que se visibilice e normalice a diversidade familiar (e con elo a diversidade afectivo/sexual) dende 4º de Infantil ata 6º de Primaria.
- Tamén se traballará transversalmente noutras actividades de centro:
- **Magosto.** Aproveitando o noso proxecto “Viaxe a Idade Media” faremos unha xusta medieval con xogos populares nesa época. Incidirase na igualdade entre nenos e nenas á hora de elixir e será unha boa oportunidade para romper estereotipos nomeando cabaleiros e cabaleiras.
 - **Samaín.** Busca de mitos e lendas e o seu recitado por medio de trobadores e xogres. Elaboración de disfraces non sexistas.
 - **Festa de Nadal** (Decembro). “Queremos xoguetes non sexistas”. En clase escribírase a carta aos Reis Magos.
 - **Entroido.** Elaboración de disfraces non sexistas.
 - **Día de Rosalía de Castro.** Estudaremos a figura desta gran escritora nunha época na que os dereitos das mulleres estaban restrinxidos e a súa labor en prol dos mesmos.
 - **Día da Paz** (30 de xaneiro). Colaborase nas actividades que se preparen para este día, resaltando a importancia da convivencia pacífica e facendo da diversidade algo enriquecedor e positivo.
 - **Semana da prensa** (9 ao 13 de marzo). Análise da linguaxe sexista e do papel da muller na prensa.
 - **Día da poesía** (21 de marzo). Estudo de obras poéticas feitas por mulleres.

- **Semana do libro** (20 de 24 de Abril). Lectura de contos nos que se prime a diversidade como un feito normalizado e enriquecedor.
- **Semana das Letras Galegas** (semana do 17 de maio). Estudo das mulleres que foron homenaxeadas.
- **Charlas** ao longo do curso onde se poña en valor a mulleres que teñen profesións que tradicionalmente ocuparon os homes.
- Estudo de figuras femininas relevantes na historia. Aproveitando o noso Proxecto de centro estudaremos a **figura de María Vinyals**, muller comprometida que loitou polos dereitos de todas as mulleres.

5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

As medidas a levar a cabo dentro deste ámbito englobanse no seguinte:

- Revisión das programacións didácticas de modo que se inclúan mulleres relevantes en cada ámbito do saber.
- Revisión do material didáctico empregado na aula de modo que se fomenta transversalmente a igualdade entre homes e mulleres e a diversidade familiar, así como valores de respecto e empatía.
- Incluír na aula actividades de sensibilización.

5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

As medidas que se realizarán dentro deste área englobanse no seguinte:

Revisión dos materiais da biblioteca para aportar lecturas nas que se inclúan, de xeito normalizado, as diferentes diversidades presentes na realidade da nosa sociedade.

Promoción de lecturas coeducativas e sobre a diversidade familiar e afectivo/sexual a través da biblioteca escolar.

Continuidade do proxecto de dinamización de patios favorecendo o uso compartido de espazos e actividades entre nenos e nenas de modo equitativo.

Promoción da prevención de discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual, e apoio e orientación ao alumnado que o precise, dende o Departamento de Orientación.

Promoción da participación equitativa de nenos e nenas nas actividades dos diferentes ámbitos: científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas...

5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

As medidas que se porán en marcha dentro deste ámbito englobanse no seguinte:

- Promoción do respecto e bo trato entre mulleres e homes, nenos e nenas.
- Promoción do respecto cara a diversidade en tódolos seus ámbitos, incluíndo a diversidade de xénero, a diversidade familiar e a diversidade afectivo-sexual.
- Promoción de metodoloxías activas, participativas e cooperativas, facendo fincapé na corresponsabilidade na realización de tarefas.
- Promoción de actividades que favorezan habilidades sociais e emocionais que inclúan: autoestima e autoconcepto axeitados, asertividade e empatía.

6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.

O plan de igualdade porase en práctica ao longo do presente curso académico, tendo un carácter flexible e podéndose adaptar aos posibles cambios que se poidan dar na nosa realidade educativa.

Así ben, será obxecto dunha avaliación continua a través da avaliación e análise das medidas que se van pondo en marcha, para o que contaremos cun cuestionario de avaliación de medidas postas en marcha para o profesorado que figura como anexo I, así como cuestionarios sobre o grado de satisfacción para o alumnado, nas actividades máis relevantes que se realicen, que figuran como anexo II.

Os datos obtidos analizaranse en xuño, xunto a un cuestionario da biblioteca que se realizará ao comezo e ao remate do curso, co fin de observar o aumento e paridade de participación na mesma; todo elo, de cara a plantexar propostas de mellora cara o vindeiro curso escolar, co fin de ir completando a abordaxe dos distintos obxectivos coeducativos dende a nosa realidade educativa e social.

ANEXO 1

Medida posta en marcha:	Nivel de Participación			Grado de Satisfacción			Proposta de mellora
	Elevado	Medio	Baixo	Alto	Medio	Baixo	
1.- Programa de Educación Afectivo-sexual Ímolo Ghozar!							
2.- Semana da Diversidade Familiar							
3.- Emprego dunha linguaxe inclusiva e igualitaria							
4.- Celebración 22 de novembro							
5.- Celebración 8 de marzo							
6.- Revisión das programacións didácticas de modo que se inclúan mulleres relevantes en cada ámbito do saber							
7.- Revisión do material didáctico empregado na aula de modo que se fomente a igualdade entre homes e mulleres e a diversidade familiar, e valores de respecto e empatía							
8.- Incluir na aula actividades de sensibilización							


9.- Revisión dos materiais da biblioteca para aportar lecturas nas que se inclúan, de xeito normalizado, as diferentes diversidades.							
10.- Promoción de lecturas coeducativas e sobre a diversidade familiar e afectivo/sexual.							
11.- Continuidade do proxecto de dinamización de patios favorecendo o uso compartido de espazos e actividades.							
12.- Promoción da prevención de discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual, e apoio e orientación ao alumnado que o precise, dende o Departamento de Orientación							
13.- Promoción da participación equitativa de nenos e nenas nas actividades dos diferentes ámbitos.							
14.- Promoción do respecto e bo trato entre mulleres e homes, nenos e nenas							
15.- Promoción do respecto cara a diversidade en tódolos seus ámbitos							
16.- Promoción de metodoloxías activas, participativas e cooperativas, con corresponsabilidade nas tarefas.							
17.- Promoción de actividades que favorezan habilidades sociais e emocionais: autoestima e autoconcepto axeitados, asertividade e empatía							
Valoración Global do Plan de Igualdade:							

ANEXO II

Ímolo Ghozar!		Nome:				Curso:
1º Sesión	Gustouche?	Moito <input type="checkbox"/>	Bastante <input type="checkbox"/>	Pouco <input type="checkbox"/>	Nada <input type="checkbox"/>	
	Por que?					
2º Sesión	Gustouche?	Moito <input type="checkbox"/>	Bastante <input type="checkbox"/>	Pouco <input type="checkbox"/>	Nada <input type="checkbox"/>	
	Por que?					
Que destacarías positivamente? Que é o que máis che gustou?						
Algũa proposta de mellora? Algún tema relacionado do que che gustaría saber máis para próximas actividades?						

Semana da Diversidade (4º-6º)	Nome:	Curso:
Gustouche? Moito <input type="checkbox"/> Bastante <input type="checkbox"/> Pouco <input type="checkbox"/> Nada <input type="checkbox"/>		
Por que?		
Que destacarías positivamente? Que é o que máis che gustou?		
Como se podería mellorar? Algunha actividade ou idea para outros anos?		

Semana da Diversidade (2º-3º)	Curso:
Gustouvos Moito <input type="checkbox"/> Bastante <input type="checkbox"/> Pouco <input type="checkbox"/> Nada <input type="checkbox"/>	
Que é o que máis vos gustou?	
Que cambiarades? Propostas para o próximo ano.	

Semana da Diversidade (Inf.-1EP)	Curso:
Gustouvos? 	Que é o que máis vos gustou?
Que cambiariades? Propostas para o próximo ano.	

